



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concelodelousame.com](http://www.concelodelousame.com)  
[concelodelousame@concelodelousame.com](mailto:concelodelousame@concelodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**Asunto:** Decreto aprobación de expediente. Creación de bolsa de emprego para a contratación de **TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX** (Código RPT 5112)

**Expediente:** 2024/G003/000450 – 2024/E001/000019

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, no uso das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local.

Á vista dos seguintes antecedentes:

- 1 Providencia da Alcaldía, do 13/06/2024, incoando o procedemento administrativo.
- 2 Memoria xustificativa da Alcaldía, do 13/06/2024, da necesidade da formación da Bolsa de Emprego.
- 3 Informe do TAX, do 13/06/2024, sobre o procedemento e a lexislación aplicable.
- 4 Proposta de Bases de Selección para a creación dunha Bolsa de Emprego do 13/06/2024
- 5 Informe do TAX, do 13/06/2024, sobre a proposta de Bases.
- 6 Informe de Secretaría-Intervención do Concello de Lousame, do 04.07.2024

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal que vai conformar a bolsa de emprego para contratación laboral temporal para o posto de **TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX** do Concello de Lousame, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria para a constitución dunha **BOLSA DE EMPREGO** para contratación laboral temporal para a substitución do posto de **TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX** Concello de Lousame, que figuran como anexo da presente resolución, nos termos en que figuran no expediente.

**SEGUNDO.** Publicar o texto íntegro das bases reguladoras e o anuncio na sede electrónica do concello de Lousame e no taboleiro de anuncios do Concello e o anuncio no BOP da Coruña.

**TERCEIRO.** Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada na sede electrónica do concello de Lousame. Concederase un prazo de tres (3) días hábiles para reclamacións, se as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación.

**CUARTO.** Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoas ou desestimándoas, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas na sede electrónica do Concello de Lousame.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concelodelousame.com](http://www.concelodelousame.com)  
[concelodelousame@concelodelousame.com](mailto:concelodelousame@concelodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

## ANEXO I

### **BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS DE TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX (Código RPT 5112) NO CONCELLO DE LOUSAME**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para o posto de **TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX** (Código RPT 5112), mediante contratación laboral temporal, ao abeiro do artigo 15 do texto refundido do estatuto dos traballadores e coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- Baixas por incapacidade temporal.
- Xubilación parcial ou anticipada e polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión definitiva de postos de traballo previstos legalmente.
- Redución de xornada e polo período que medie entre a redución e súa finalización ou a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión definitiva de postos de traballo previstos legalmente.
- Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo. (vacacións, situacións que impliquen a necesidade de reforzo puntual do servizo, etc.)
- Mentre dure o proceso selectivo para a cobertura definitiva do posto
- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento ou contratación determinadas no parágrafo anterior, ou ben finalice o proceso selectivo que se convoque para prover a cobertura definitiva do posto/s do servizo, de ser o caso.

#### **SEGUNDA: FUNCIÓNS OU TRABALLOS A REALIZAR.**

As funcións serán as propias dos postos de **TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX** de forma orientativa e non exclusiva, segundo a RPT do Concello de Lousame, son:

Código RPT:	5112
Denominación do posto:	TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX
Funcións do posto:	<p>Funcións encomendadas aos museos e centros na Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia.</p> <p>Entre outras: organización e catalogación da colección, selección de pezas para exposición, elaboración do discurso expositivo, xestión dos prestamos ou depósitos en condicións de conservación e seguridade, e a dinamización e relación do museo ou centro co seu contexto territorial e social.</p> <p>Elaboración de guías e programas de visitas ás Minas de San Finx.</p> <p>Elaboración de itinerarios e deseño da ruta mineira.</p> <p>Organización e programación de actividades para visitas escolares.</p> <p>Deseño de carteis informativos sobre as Minas.</p> <p>Elaboración do contido da cartelería dos edificios e de todos os elementos de interese presentes na ruta que parte de poboado mineiro.</p> <p>Calquera outra, relacionada co posto, que lle encomende o seu superior xerárquico.</p>





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concelodelousame.com](http://www.concelodelousame.com)  
[concelodelousame@concelodelousame.com](mailto:concelodelousame@concelodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

### TERCEIRA: TIPO DE CONTRATO E DE NOMEAMENTO.

Os contratos a subscibir, dependendo de cada caso, poderán ser:

**De substitución:** Por vacante na praza, para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de ILT, baixa por maternidade, etc.

**Por circunstancias da producción** (vacacións, situacións que impliquen a necesidade de reforzo puntual do servizo, etc.)

### CUARTA: DURACIÓN DOS CONTRATOS E NOMEAMENTOS.

Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Lousame.

### QUINTA: XORNADA DE TRABALLO.

A xornada será completa ou parcial segundo se estableza en función das necesidades. A xornada máxima non excederá de 37,7 horas semanais de luns a domingo cos descansos que marca a Lei.

### SEXTA: RETRIBUCIÓNNS.

As retribucións básicas serán as fixada cara os postos na RPT e nos orzamentos do Concello de Lousame.

### SÉTIMA: PUBLICIDADE.

No taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello publicaranse a convocatoria, o anuncio da convocatoria mais as bases íntegras e no BOP publicarase o anuncio da convocatoria.

Os demais anuncios relacionados con este proceso así como os resultados do proceso de selección publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

### OITAVA: REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.





- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade. e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuér a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo á que se opta. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, excepto nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.
- d) Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escasas de funcionario e para exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algúm delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acosa sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.
- g) Segundo o exposto nas Bases Reguladoras do Programa da Deputación de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, deberá ter formación específica (grao, licenciatura, ciclos formativos, máster, posgrao,...) relacionados cos campos da xestión cultural, patrimonial, de museos, turística ou, no caso específico dos espazos vinculados directamente co medio ambiente, coa xestión do patrimonio natural. Así deberá ter titulación universitaria relacionada directamente co ámbito da xestión de museos (Historia da Arte, Historia, Turismo, Humanidades, Belas Artes ou similares) e/ou da xestión do patrimonio natural (Bioloxía).

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a formalización do contrato laboral, sendo nulo o nomeamento das persoas aspirantes que estean incursas en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

- **ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO.** Nivel Celga 4.

Para o caso de que as persoas aspirantes non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega Celga 4 ou equivalente, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega dirixida á comprobación, por parte do Tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego ao nivel esixido, sendo sometidos ás probas que se consideren más axeitadas. Esta proba será cualificada como Apto ou Non apto; e terá carácter eliminatorio (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

#### **NOVENA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

Os/as interesados/as en formar parte desta Bolsa de Emprego, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar de que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse á Alcaldía do Concello de Lousame.

Presentaranse debidamente cubertas no Rexistro Xeral do Concello de Lousame ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES**, contados dende o seguinte ao da publicación do último anuncio da convocatoria que se publicará na sede electrónica e no BOP de A Coruña.

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concelodelousame.com](http://www.concelodelousame.com)  
[concelodelousame@concelodelousame.com](mailto:concelodelousame@concelodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

No caso de non presentar a documentación no rexistro do Concello, deberá remitirse xustificante da presentación da solicitude ao número de Fax: 981.821865 ou á dirección de correo electrónico [jose.martinez@concelodelousame.gal](mailto:jose.martinez@concelodelousame.gal). No caso de que a persoa aspirante non remita o xustificante da presentación da solicitude nun rexistro diferente ao do Concello de Lousame, e a dita solicitude teña entrada no Concello, máis alá do prazo de presentación de solicitudes, a mesma entenderase presentada fóra de prazo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Lousame e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Lousame.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia (Anexo I) que se facilitará nas oficinas municipais e irán acompañadas dos seguintes documentos:

- a) Declaración xurada na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).
- b) Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, as persoas aspirantes estranxeiras deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Copia da titulación requerida para o desempeño do posto. (Base Octava, punto g)

A documentación deberá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica, e únicamente será requirida a presentación de documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

#### DÉCIMA: Dereitos de exame

Será requisito necesario, para poder participar nos proceso selectivo aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, as taxas pola inscricóns nas probas selectivas convocadas, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal do Concello de Lousame reguladora da taxa (BOP núm. 203 do 26/10/2022), en función do grupo de clasificación da praza convocada. Deste xeito, o importe a aboar será o seguinte, dependendo do proceso selectivo en concreto ou da praza vacante á que se opte:

Denominación	Taxa por dereitos de exame
TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX Grupo II:A2	20,00 €

A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, a copia do documento de transferencia ou ingreso.

A conta na que se poderá realizar o ingreso é a seguinte: ES90 2080 0381 0831 1000 0090. No concepto da transferencia debe indicarse o nome do aspirante, así coma o proceso no que participa. Tamén se pode efectuar o pagamento a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Lousame ([https://sede.lousame.es/opencms/es/sobrelasede/oficina\\_virtual/](https://sede.lousame.es/opencms/es/sobrelasede/oficina_virtual/)).

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude, segundo o disposto na base novena.

Non se admitirá o pagamento da taxa fóra do prazo de presentación de solicitudes. A falla de pagamento da taxa no prazo anterior, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas, de tal xeito que xa non se terá en conta a súa solicitude para a formación da listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Se o suxeito pasivo é unha das persoas ás que se refire o artigo 5.2 da Ordenanza Fiscal da Taxa por dereitos de exame, deberá achegar a documentación que no mesmo se indica (BOP núm. 203 do



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concelodelousame.com](http://www.concelodelousame.com)  
[concelodelousame@concelodelousame.com](mailto:concelodelousame@concelodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

26/10/2022) e que é: Certificado de desemprego emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda.

#### **UNDÉCIMA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución da Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Concederase un prazo de tres (3) días hábiles para reclamacións, se as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoas ou desestimándoas, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas no taboleiro de anuncios e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

#### **DUODÉCIMA: TRIBUNAL SELECCIONADOR.**

O Tribunal seleccionador estará composto por un/unha presidente/a, unha persoa secretaria e tres vogais nomeados por Resolución de alcaldía de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. Todos os membros do Tribunal seleccionador deberán posuér a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal de selección estará facultado para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbihdas que xurdan da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

Quen forme parte do Tribunal deberase aterse de intervir cando concorran nel algúnya das circunstancias no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; así como cando realízase tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

A Resolución de Alcaldía co nomeamento dos membros do tribunal seleccionador exporase ao público no taboleiro de anuncios e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, xunto coa listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos e a data, hora e lugar de celebración da proba de galego, para aqueles non aportasen o certificado Celga 4.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse co D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

#### **DÉCIMO TERCEIRA: SISTEMA DE SELECCIÓN. FORMA DE DESENVOLVIMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.**



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concelodelousame.com](http://www.concelodelousame.com)  
[concelodelousame@concelodelousame.com](mailto:concelodelousame@concelodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

A selección da persoa aspirante efectuarase polo sistema de CONCURSO.

### **Baremación Xeral**

A puntuación máxima será de 100 puntos. Valoraranse con carácter xeral os seguintes criterios:

- Experiencia profesional: 60 puntos.
- Formación: 40 puntos.

#### **A.- Experiencia profesional (máximo de 60 puntos)**

Valoraranse os servizos efectivos prestados, até a data de publicación no BOE de cada convocatoria, conforme ao seguinte baremo:

Servizos prestados en <b>Administracións Locais</b> ( <i>por calquera tipoloxía de vínculo funcional ou laboral</i> ) en prazas iguais ou equivalentes á que se opta	0,80 puntos/ mes completo, até 60 puntos
Servizos prestados <b>noutras Administracións Públicas diferentes á local</b> ( <i>por calquera tipoloxía de vínculo funcional ou laboral</i> ) en prazas iguais ou equivalentes á que se opta	0,50 puntos / mes completo, até 60 puntos
Servizos prestados <b>no resto do sector público</b> ( <i>por calquera tipoloxía de vínculo funcional ou laboral</i> ) en prazas iguais ou equivalentes á que se opta	0,30 puntos / mes completo, até 60 puntos.
Servizos prestados <b>no sector privado</b> en prazas iguais ou equivalentes á que se opta	0,20 puntos / mes completo, até 60 puntos.

Aplicaranse as seguintes normas de valoración:

1. Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos ou contratos computables. Dividiranse entre trinta (30) e multiplicaranse por 0,80 / 0,50 / 0,40 / 0,30, segundo corresponda. De tal xeito, que unicamente se valorará a ratio enteira, depreciándose os decimais.
2. No caso de servizos prestados en xornadas inferiores á completa, serán valorados proporcionalmente á xornada prestada. A título de exemplo:  
  
Se o mes completo, a xornada completa: 0,80 puntos.  
Mes completo a xornada parcial (50%):  $1 \times (50\% \text{ de } 0,80) = 0,40$  puntos.  
Mes completo a xornada parcial (30%):  $1 \times (30\% \text{ de } 0,80) = 0,24$  puntos.
3. A puntuación global máxima neste apartado será 60 puntos. Sen embargo, e aos efectos de aplicar os criterios de desempate, o Tribunal determinará a puntuación real que lle correspondería a cada aspirante no baremo anterior, no caso de non existir un tope á puntuación asignada á experiencia profesional.
4. Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual. Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.
5. A definición do que se entende por Administración Local, Administracións Públicas diferentes á local e resto do Sector Público, ven determinada polo artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Régime Xurídico do Sector Público e artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Régime Local.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



6. Forma de acreditación: Deberán achegarse conxuntamente os seguintes documentos:

- Informe de vida laboral** actualizado e
- Certificación da Administración Pública ou entidade do Sector Público**, expedida pola Secretaría ou órgano competente da entidade, na que se fará constar: Administración ou entidade contratante, vínculo ou réxime xurídico, denominación, grupo/categoría/posto, data de inicio e, no seu caso, finalización da vinculación. No caso de non existir data de finalización da vinculación, valoraranse os servizos efectivos prestados, até a data de publicación no BOP da convocatoria (*ou data de emisión do certificado se é anterior á publicación no BOP da convocatoria*)
- Contratos de traballo coa empresa privada.**

7. A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. A documentación que se presente fóra deste prazo, será considerada "achega de nova documentación fóra de prazo" e non será tida en conta.

#### B.- Formación (máximo de 40 puntos)

Valoraranse a formación das persoas aspirantes, conforme ao seguinte baremo:

Posesión de titulacións académicas ou profesionais oficiais de nivel igual ou superior e distintas á titulación requirida para o acceso á praza á que se opta	5 puntos por cada titulación oficial, até un máximo de 40 puntos.
Cursos de formación (recibidos ou impartidos), expedidos, homologados ou acreditados até a data da publicación da convocatoria no BOP, impartidos ou homologados pola Comisión de formación continua do Ministerio de AAPP, pola mesma comisión autonómica, por Administracións, organismos públicos e Universidades; así como os cursos impartidos polos colexios profesionais e organizacións sindicais que versen sobre materias propias da súa especialidade.	0,20 puntos por cada hora impartida/recibida do curso de formación; até un máximo de 40 puntos.

Aplicaranse as seguintes normas de valoración:

- A acreditación de titulacións académicas oficiais, realizarase mediante a achega do título, diploma ou resgarde de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación da expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.
- A acreditación da realización dos cursos realizarase mediante a copia simple dos títulos, diplomas ou certificados de superación dos cursos. Non se valorarán os cursos non acreditados, ou nos que non consten as datas de realización nin as horas de duración.

Non se valorará a asistencia a assembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, materias que formen parte dunha titulación académica, módulos dun curso, simposios ou similares.

Os cursos deben versar directa ou indirectamente sobre materias relacionadas coa praza á que se opta, co réxime local ou versar sobre materias de carácter transversal (igualdade de xénero, transparencia, protección de datos, informática, administración electrónica....). Se o curso forma parte dun Programa de formación dirixido aos empregados da Administración Local, enténdese que teñen relación directa ou indirecta coas súas funcións.

- A acreditación da superación dalgún exercicio para o acceso como funcionario de carreira ou laboral fixo á praza á que se opta, realizarase mediante certificación da Administración Pública convocante.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concelodelousame.com](http://www.concelodelousame.com)  
[concelodelousame@concelodelousame.com](mailto:concelodelousame@concelodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

4. A documentación acreditativa da formación deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. A documentación que se presente fóra deste prazo, será considerada "achega de nova documentación fóra de prazo" e non será tida en conta.

**C.- Proba de comprobación de coñecementos da lingua galega** onde a cualificación será apto ou non apto; estarán exentos de realizar este ejercicio os aspirantes que acrediten posuér o certificado de Lingua Galega Nivel 4 (Celga 4) ou equivalente.

#### DÉCIMO CUARTA: SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES. EMPATE

O tribunal de selección procederá a cualificación dos aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Lousame a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, elevando á alcaldesa a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación total. A cualificación obtida polos aspirantes será a da fase de concurso máis a fase de oposición, acadándose así a puntuación final. A proposta de contratación non poderá incluír más persoas que prazas convocadas.

No caso de empate das puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1.º A maior puntuación obtida na experiencia profesional.
- 2.º A maior puntuación obtida pola formación.
- 3.º A maior idade do candidato/a

Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta á Sra. alcaldesa-presidenta para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acredite méritos suficientes.

#### DÉCIMO QUINTA: FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

Unha vez concluída a fase de selección das persoas aspirantes, o Tribunal de selección confeccionará unha lista coa orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista definitiva será aprobada por Resolución da Alcaldía e exporase no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

#### DÉCIMO SEXTA: FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

A Bolsa de Emprego, segundo a orde de puntuación obtida, funcionará de acordo coas seguintes normas:

##### 1.- Chamamentos ás persoas aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urgente que permita ter constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urgente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefónicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta.

Tamén poderase realizar mediante remisión de correo electrónico. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concelodelousame.com](http://www.concelodelousame.com)  
[concelodelousame@concelodelousame.com](mailto:concelodelousame@concelodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado, ou a ausencia de resposta ao chamamento suporá que o/a candidato/a pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A ausencia de resposta ou a renuncia a dúas ofertas sen xustificar, será causa de expulsión da bolsa de emprego.

Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o/a candidato/a ao último lugar da lista, e quedará na mesma posición da lista como non dispoñible ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado médico.
- Estar en situación de incapacidate temporal, acreditado por certificado médico.
- Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.
- Outras causas similares ás anteriores debidamente xustificadas.
- Estar en situación de emprego activo temporal. Deste xeito causará baixa temporal na listaxe e será responsabilidade súa xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para proceder a súa reactivación na bolsa de emprego.

Unha vez que o persoal contratado remate o seu contrato de traballo volverá a ocupar o lugar correspondente.

## **2.- Suspensión dos chamamentos por solicitude do/a interesado/a:**

Os/as integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.

A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Terá efectos dende o día seguinte da súa presentación no rexistro do concello.

O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de seis ou doce meses computados desde a data de efectos de suspensión.

## **3.- Nomeamentos e cesamentos.**

Poderán realizarse contratacións laborais temporais (na modalidade que corresponda, segundo os casos) nos supostos previstos na Base Primeira; e sempre que esas contratacións sexan imprescindibles para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente a través do informe dos servizos de deportes e cultura e da concellería correspondente no que se poña de manifesto a excepcionalidade e necesidade urgente e inaprazable desta contratación para o dito sector prioritario e para o funcionamento deste servizo público esencial.

Posteriormente, deberá acreditarse no expediente (co informe da Intervención Municipal) a existencia de crédito axeitado e suficiente para o financiamento da contratación laboral temporal.

Unha vez cumprimentados os anteriores requisitos, chamada a persoa candidata segundo a orde de prelación da Bolsa de Emprego, a persoa candidata deberá achegar no improrrogable prazo dun (1) día:

1. Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
2. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concelodelousame.com](http://www.concelodelousame.com)  
[concelodelousame@concelodelousame.com](mailto:concelodelousame@concelodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

3. Titulación orixinal requirida para o desempeño do posto. (Base 8.g)
4. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
5. Certificado de número IBAN de conta bancaria a nome do traballador/a.
6. Certificación negativa de delitos sexuais de acordo co disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

Quen dentro do prazo indicado, e agás os casos de fuerza maior, non presentase a documentación esixida nas bases da convocatoria, ou do exame da mesma dedúcise que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Comprobada a documentación anterior a Alcaldía, mediante Resolución, procederá ao seu nomeamento.

No suposto de que unha mesma persoa aspirante fora chamada para ocupar dous ou máis postos correspondentes á Bolsa de Emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia por escrito.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

#### **DÉCIMO SÉTIMA: EXTINCIÓN DA BOLSA DE TRABALLO.**

A Bolsa de Emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases, extinguírase unha vez transcorridos catro (4) anos a contar desde a data de publicación no taboleiro de edictos do concello da Resolución da Alcaldía que a aprueba, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

Mediante Resolución da Alcaldía poderá resolverse a apertura da bolsa de traballo para a incorporación de novos candidatos, así como para que aqueles aspirantes que xa estean na bolsa aporten documentación que acrede novos méritos. Rematado o prazo de presentación de instancias trala apertura da bolsa o Tribunal de selección confeccionará unha lista coa orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista definitiva será aprobada por Resolución da Alcaldía e exporase no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

No caso de que con motivo da escasa presentación de instancias, o número de integrantes da bolsa de emprego non sexa suficiente, poderá sacarse un novo proceso selectivo áinda que non teña transcorrido o prazo de catro anos de vixencia establecido neste base.

#### **DÉCIMO OITAVA**

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ao Tribunal de selección e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

#### **DÉCIMO NOVENA: APROBACIÓN.**

As presentes bases serán aprobadas pola Alcaldía, órgano competente.

#### **VIGÉSIMA: IMPUGNACIÓN.**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concelodelousame.com](http://www.concelodelousame.com)  
[concelodelousame@concelodelousame.com](mailto:concelodelousame@concelodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

Contra as presente bases e convocatoria, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, a partires do día seguinte ao da publicación do seu anuncio (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, e o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Lousame, na data da sinatura dixital

A alcaldesa.

María Teresa Villaverde País.

#### ANEXO I

#### **Formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacóns laborais temporais de TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX (Código RPT 5112) para o Concello de Lousame.**

#### **INSTANCIA E RELACIÓN DE MÉRITOS**

Nome e apelidos:	
DNI/NIE:	
Endereço:	

Datos a efectos de comunicación de chamamentos:

Teléfono:	
Correo electrónico:	

#### **EXPOÑO:**

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a **formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacóns laborais temporais de TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX (Código RPT 5112)**.

#### **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar no proceso de selección.

1. Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
2. Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
3. Que non estou incurso/a nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
4. Que non estou condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acosa sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concelodelousame.com](http://www.concelodelousame.com)  
[concelodelousame@concelodelousame.com](mailto:concelodelousame@concelodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

**SOLICITO:**

Ser admitido/a para tomar parte no proceso de selección para o acceso á Bolsa de Emprego para realizar contratacóns laborais temporais de TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX.

Á presente solicitude acompaño:

- Copia do DNI ou documento identificativo.
- Copia da titulación esixida para o desempeño do posto de TÉCNICO/A MUSEO SAN FINX.
- Copia dos méritos alegados.
- Vida laboral.
- Certificación da Administración Pública ou entidade do Sector Público, expedida pola Secretaría ou órgano competente
- Contratos de traballo.

**AUTORIZO:**

Que publique os meus datos persoais no taboleiro e na páxina web do Concello.

En ..... a ..... de ..... de 20.....

Sinatura: \_\_\_\_\_

**PROTECCIÓN DE DATOS** – De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámosselle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE LOUSAME, con dirección PORTOBRAVO Nº1, 15214 – LOUSAME (A CORUÑA).

Delegado de protección de datos: Ramón Santos ([ramon@nossoluciones.es](mailto:ramon@nossoluciones.es))

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo e non serán cedidos a terceiros salvo por obriga legal.

Ten vostede derecho a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcadesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

